



PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN POR INTERINIDADE DUNHA PRAZA DE TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL DO CONCELLO DE BARBADÁS

Resolución alegación presentada Segundo Exercicio e Valoración de Méritos.

Nas dependencias do Concello de Barbadás, sendo as dezaseis horas e cinco minutos do día vinte de xaneiro de 2022, reúnen, de entre os membros do Tribunal Calificador designado para o efecto, por resolución da alcaldía de oito de novembro de 2021, os seguintes señores/as para a resolución da alegación presentada a valoración do segundo exercicio e para proceder á valoración de méritos do proceso selectivo, concurso-oposición, para a provisión dunha praza por interinidade de Técnico de Administración Xeral:

Presidente.- D. Luis Nieves Alonso.
Vogais.- D^a. María Lourdes Pérez Vázquez.
D^a. Patricia Hernández Estevez.
Secretaria.- D^a. María Eugenia Pérez Antón.

A) Procédese polo tribunal á examinar a alegación presentada, en prazo e forma, por:

- Clara Fernández Nogueira, na que solicita que se indiquen as puntuacións de cada pregunta do exercicio practico e os coñecementos que se avaliaron para chegar a esas calificacións.

O tribunal pasa a examinar a alegación presentada, e procede a estimala, sinalando que o suposto práctico consta de 8 preguntas, cada pregunta valorase co 3,75 puntos. Para a súa valoración o Tribunal tuvo en conta o rigor xurídico, emprego da normativa adecuada o caso, a claridade expositiva do opositor á hora da lectura de seu examen e a maior o menor adecuación á solución do examen aportada polos membros do Tribunal que a continuación se reproduce:

1. A reclamación de responsabilidade patrimonial está presentada en prazo?, cando remata este?



Concello de Barbadás

Tendo en conta as datas do exercicio, entendemos que o afectado foi dado de alta sen secuelas o día 25 de xuño de 2016.

Vemos que posteriormente presenta na delegación do goberno unha solicitude reclamando unha indemnización polos danos. Esta solicitude preséntaa o 17 de Abril de 2017.

O prazo para presentar unha reclamación de responsabilidade patrimonial é de 1 ano dende o día que o feito causou o dano. Non obstante, cando o dano producido é de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo empeza a computarse dende a curación ou determinación do alcance das secuelas.

Todo isto ven recollido no art. 67 da lei 39/2015 de procedemento administrativo que no punto 1. di o seguinte:

“ Lei 39/15 Art 67. 1.

“ Los interesados sólo podrán solicitar el inicio de un procedimiento de responsabilidad patrimonial, cuando no haya prescrito su derecho a reclamar. El derecho a reclamar prescribirá al año de producido el hecho o el acto que motive la indemnización o se manifieste su efecto lesivo. En caso de daños de carácter físico o psíquico a las personas, el plazo empezará a computarse desde la curación o la determinación del alcance de las secuelas. ”

Polo cal entendo que está en prazo xa que non pasou un ano dende a alta sen secuelas ata a presentación da solicitude, aínda que o dano se producira o 15 de abril, o día da caída.

O prazo remataría o 25 de xuño de 2017.

Ademais a reclamación atópase presentada correctamente xa que de acordo co art. 16.4 da lei 39/2015:

“4. Los documentos que los interesados dirijan a los órganos de las Administraciones Públicas podrán presentarse:



a) En el registro electrónico de la Administración u Organismo al que se dirijan, así como en los restantes registros electrónicos de cualquiera de los sujetos a los que se refiere el artículo 2.1.”

Art. 2.1. lei 39/2015 sinala:

“1. La presente Ley se aplica al sector público, que comprende:

- a) La Administración General del Estado.*
- b) Las Administraciones de las Comunidades Autónomas.*
- c) Las Entidades que integran la Administración Local.*
- d) El sector público institucional.”*

2. É correcto que o procedemento comece o 16/05/2017? Que día remata o prazo que ten a administración para resolver o procedemento? E para notificalo?

Non é correcto que se inicie o 16/05/2017.

O inicio do procedemento a petición do interesado comeza cando a solicitude entra no rexistro do órgano competente.

Neste caso, a solicitude entra no rexistro do Concello de Ourense o 19 de abril de 2017. Polo que esta sería a data correcta de inicio.

Isto ven recollido no artigo 21.3b da lei 39/15 que di o seguinte:

Lei 39/15 art 21.3b

“En los iniciados a solicitud del interesado, desde la fecha en que la solicitud haya tenido entrada en el registro electrónico de la Administración u Organismo competente para su tramitación. “

O prazo que ten para resolver e notificar a administración ven especificado no texto. Comunícaselle ó interesado que é de 6 meses neste procedemento. O prazo suspéndese



Concello de Barbadás

polo tempo necesario para solicitar o informe preceptivo do servizo causante do dano (Servizo de Vías e Obras do Concello de Ourense).

A obrigación de resolver e os prazos veñen recollido no art. 21 da lei 39/15. Concretamente o punto 2 di o seguinte:

Lei 39/15 art 21.2

“El plazo máximo en el que debe notificarse la resolución expresa será el fijado por la norma reguladora del correspondiente procedimiento.

Este plazo no podrá exceder de seis meses salvo que una norma con rango de Ley establezca uno mayor o así venga previsto en el Derecho de la Unión Europea.”

A suspensión e os supostos de suspensión do procedemento veñen recollidos na Lei 39/15 no artigo 22.

Concretamente o punto d) di o seguinte:

Lei 39/15 art 22.1 d)

“Cuando se soliciten informes preceptivos a un órgano de la misma o distinta Administración, por el tiempo que medie entre la petición, que deberá comunicarse a los interesados, y la recepción del informe, que igualmente deberá ser comunicada a los mismos. Este plazo de suspensión no podrá exceder en ningún caso de tres meses. En caso de no recibirse el informe en el plazo indicado, proseguirá el procedimiento.”

O informe do Servizo de Vías e Obras do Concello de Ourense solíciase o 16 de Maio de 2017 e recíbese pola instrutora o 2 de Xuño de 2017.

Polo que o procedemento está suspendido durante 17 días.

Tendo en conta a fecha correcta de inicio do procedemento 20/04/2017 e non o 16/05/2017, e baseándonos nesa data e tamén na suspensión do procedemento durante 17 días para solicitar un informe preceptivo necesario para resolver o Sr. Alcalde do Concello de Ourense.



A fecha para resolver o procedemento serían eses 6 meses + eses 17 días que tardou en responder o Servizo de Vías e Obras. É dicir, o 07/11/2017.

Tamén nesta resposta debemos ter en conta que a solicitude de ditame do Consello Consultivo da xunta non é preceptiva. Como responderemos noutra pregunta mais adiante. Polo que non temos en conta o prazo de suspensión que suporía esta solicitude mentres resolve dito Consello Consultivo.

A fecha para notificar a resolución será como máximo, 10 días despois da resolución.

Así se recolle na *Lei 39/15 no art.40.2*. que di o seguinte:

Lei 39/15 art 40.2

“Toda notificación deberá ser cursada dentro del plazo de diez días a partir de la fecha en que el acto haya sido dictado, y deberá contener el texto íntegro de la resolución, con indicación de si pone fin o no a la vía administrativa, la expresión de los recursos que procedan, en su caso, en vía administrativa y judicial, el órgano ante el que hubieran de presentarse y el plazo para interponerlos, sin perjuicio de que los interesados puedan ejercitar, en su caso, cualquier otro que estimen procedente.”

Se ben, o prazo de 6 meses é para resolver e notificar. Art. 21.2 Lei 39/2015:

2. El plazo máximo en el que debe notificarse la resolución expresa será el fijado por la norma reguladora del correspondiente procedimiento.

Este plazo no podrá exceder de seis meses salvo que una norma con rango de Ley establezca uno mayor o así venga previsto en el Derecho de la Unión Europea.

3. É correcta a suspensión que acorda a instrutora? Abonda coa documentación que solicita ao Servizo de Vías e Obras do Concello de Ourense?

Entendo que a suspensión do procedemento é correcta. A suspensión está xustificada debido á petición do informe preceptivo ao Servizo de Vías e Obras do Concello de Ourense.



Neste caso contesta en 17 días.

Así ven recollido na Lei 39/15 no art. 22.4

art 22.4

“Cuando se soliciten informes preceptivos a un órgano de la misma o distinta Administración, por el tiempo que medie entre la petición, que deberá comunicarse a los interesados, y la recepción del informe, que igualmente deberá ser comunicada a los mismos. Este plazo de suspensión no podrá exceder en ningún caso de tres meses. En caso de no recibirse el informe en el plazo indicado, proseguirá el procedimiento.”

O informe solicitado entendo que é suficiente, pois é preceptivo solicitar un informe ao servizo cuxo funcionamento ocasiona a presunta responsabilidade patrimonial. Este informe debe emitirse nun prazo non superior a 10 días.

Así o di a lei 39/15 no seu artigo 81.1:

Lei 39/15 art 81.1

“En el caso de los procedimientos de responsabilidad patrimonial será preceptivo solicitar informe al servicio cuyo funcionamiento haya ocasionado la presunta lesión indemnizable, no pudiendo exceder de diez días el plazo de su emisión. “

4. Se o señor XLL se queixase polo prazo de alegacións, que lle respondería?

O prazo para presentar alegación no trámite de audiencia é no inferior a 10 días, ni superior a 15, como nos di o texto que lle propoñen.

Así o recolle a lei 39/15 no artigo 82.2 “Os interesados, nun prazo no inferior a dez días ni superior a quince, podrán alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes. “

Valorarase que se profundice nas consecuencias de dar un prazo equivocado aos efectos da posible subsanación, nulidade ou anulabilidade do acto



5. É correcta a petición do ditame ao Consello Consultivo de Galicia?

Entendo que a petición do ditame ao Consello Consultivo de Galicia non é necesaria, xa que a cantidade solicitada como indemnización polo interesado é de 6000 euros, cantidade insuficiente para pedir o ditame.

Así o recolle a lei 3/2014 do 24 de abril do Consello Consultivo de Galicia que no artigo 12 letra “j” establece que o Consello Consultivo ditaminará preceptivamente sobre reclamacións patrimoniais de contías superiores a 30000 euros para a administración autonómica e a 15000 euros para as administracións locais.

Lei 3/2014 art 12.j

“ j) Reclamaciones de responsabilidad patrimonial de cuantía superior a 30.000 euros para la Administración autonómica y a 15.000 euros para las administraciones locales“

6. Atendendo ao órgano que resolve a reclamación, esta resolución é válida?

Nesta pregunta a resposta valorase en función de si o opositor tivo en conta na súa resposta que estamos (no caso práctico) ante un Concello de gran poboación e non nun Concello de réximen común.

Polo tanto hay que aplicar o Título X da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réximen Local. Neste caso hay que tener en conta o artigo 124.1) y ñ); e o artigo 127.j) da citada lei.

7. Que sentido ten o silencio administrativo neste tipo de procedementos de responsabilidade patrimonial?

Transcorridos 6 meses desde que se iniciou o procedemento sen que se notifique resolución expresa, poderá entenderse que a resolución é contraria á indemnización do particular.



Co cal podemos afirmar que o silencio administrativo é negativo, é dicir , pasados 6 meses a persoa que presentou a reclamación, si non recibiu resolución expresa, debe entender desestimada a súa pretensión de indemnización.

Así ven recollido no artigo 91.3 da lei 39/15.

Lei 39/15 art 91.3

“Transcurridos seis meses desde que se inició el procedimiento sin que haya recaído y se notifique resolución expresa o, en su caso, se haya formalizado el acuerdo, podrá entenderse que la resolución es contraria a la indemnización del particular.

8. Qué recurso cabe contra esta resolución de responsabilidade patrimonial?; tendo en conta a data da resolución de 11/01/2018, cando remataría o prazo para presentalo?

A efectos de recursos, a resolución administrativa dos procedementos de responsabilidade patrimonial, pon fin á vía administrativa. Así o establece o artigo 114.e da Lei 39/15

Lei 39/15 art 114.”e”

“La resolución administrativa de los procedimientos de responsabilidad patrimonial, cualquiera que fuese el tipo de relación, pública o privada, de que derive “

Contra a resolución que pon fin ao procedemento de responsabilidade patrimonial, só cabe acudir ao recurso potestativo de reposición no prazo dun mes dende o día seguinte a data de notificación da resolución.

Si se decide recorrer a esta vía, resolverá o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada.

O prazo dun mes para presentar este recurso comeza a contar desde o día seguinte á notificación da resolución.

O órgano competente disporá dun prazo dun mes para ditar e notificar a súa resolución.



Así se recolle na lei 39/15 nos art. 123 e 124.

Lei 39/15 Art. 123

“1. Los actos administrativos que pongan fin a la vía administrativa podrán ser recurridos potestativamente en reposición ante el mismo órgano que los hubiera dictado o ser impugnados directamente ante el orden jurisdiccional contencioso-administrativo.

2. No se podrá interponer recurso contencioso-administrativo hasta que sea resuelto expresamente o se haya producido la desestimación presunta del recurso de reposición interpuesto.”

Lei 39/15 Art. 124

“1. El plazo para la interposición del recurso de reposición será de un mes, si el acto fuera expreso. Transcurrido dicho plazo, únicamente podrá interponerse recurso contencioso-administrativo, sin perjuicio, en su caso, de la procedencia del recurso extraordinario de revisión.

Si el acto no fuera expreso, el solicitante y otros posibles interesados podrán interponer recurso de reposición en cualquier momento a partir del día siguiente a aquel en que, de acuerdo con su normativa específica, se produzca el acto presunto.

2. El plazo máximo para dictar y notificar la resolución del recurso será de un mes.

3. Contra la resolución de un recurso de reposición no podrá interponerse de nuevo dicho recurso.”

Se o recurso potestativo de reposición fose desestimatorio, a única posibilidade de obter unha indemnización será no xulgado, a través do proceso contencioso-administrativo.

Segundo o art. 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses desde a notificación ou publicación do acto expreso e seis meses desde o acto presunto.



Concello de Barbadás

En base ao anteriormente exposto a puntuación é a seguinte:

Nº PREGUNTA	ALONSO DE ABEL DIEGO	HERMIDA BEJARANO ISIDRO	FERNÁNDEZ NOGUEIRA CLARA
1	3,75	3,35	2,275
2	3,675	0	0
3	3,75	2,40	0,30
4	3,75	3,325	2,50
5	3,75	3,60	3,525
6	3,75	0,625	0,625
7	3,75	3,65	3,70
8	3,75	1,375	3,675
TOTAL	29,925	18,325	16,60

ELEVASE A DEFINITIVA ESTA PUNTUACIÓN.

B)A continuación o Tribunal procede a sinalar a puntuación definitiva da fase da oposición:

NOMBRE	EXAMEN TIPO TEST	CASO PRÁCTICO	PUNTUACION TOTAL-FASE OPOSICIÓN
ALONSO DE ABEL DIEGO	19,17	29,925	49,095
HERMIDA BEJARANO ISIDRO	15,19	18,325	33,515
FERNÁNDEZ NOGUEIRA CLARA	16,17	16,60	32,77



Concello de Barbadás

C) Acórdase por unanimidade dos asistentes proceder a examinar, os méritos dos aspirantes que superaron a fase de oposición.

En consecuencia, procédese a examinar a documentación presentada, comezando polo aspirante cuxo primeiro apelido comece pola letra Y, en virtude da Resolución de 29 de xaneiro de 2021.

Para a valoración dos méritos dos que superaron a fase de oposición, aplícase o baremo que figura nas bases aprobadas polo concello, experiencia profesional hasta un máximo de 30 puntos, valorase o desempeño de postos de traballo de Técnico de Administración Xeral, relacionado co posto, e títulos e formación que garde relación directa coas función propias do posto de traballo, hasta un máximo de 10 puntos, as valoracións que resultan, son as seguintes:

NOMBRE	EXPERIENCIA PROFESIONAL (30puntos)	TÍTULOS E FORMACIÓN (10puntos)	TOTAL
ALONSO DE ABEL DIEGO	1,2	1,775	2,975
HERMIDA BEJARANO ISIDRO	0,76	5	5,76
FERNÁNDEZ NOGUEIRA CLARA	0	1,20	1,20

D) PUNTUACION FINAL DOS ASPIRANTES QUE SUPERARON A FASE DE OPOSICIÓN:

NOMBRE	FASE OPOSICIÓN	FASE CONCURSO	PUNTUACION TOTAL
ALONSO DE ABEL DIEGO	49,095	2,975	52,07
HERMIDA BEJARANO	33,515	5,76	39,275



Concello de Barbadás

ISIDRO			
FERNÁNDEZ NOGUEIRA CLARA	32,77	1,20	33,97

O Tribunal abre un prazo de **dez días hábiles**, a contar dende o día seguinte a publicación desta acta, para que os opositores podan efectuar **alegaciónes** a puntuación obtida. Trancorrido dito prazo, de non existir reclamacións, dita puntuación será definitiva.

E para que conste , e surta os efectos oportunos, asinan a presente os comparecentes, no lugar e data arriba indicados, do que eu, como secretario, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE